



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Telef.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. Núm. 2024/E001/000002

Ref.:SEC

ACTA NÚMERO 2: PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE CINCO PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO/A DE CARREIRA, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVA, SUBGRUPO C1, CORRESPONDENTES ÁS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO DOS ANOS 2021, 2022 E 2023 DO CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

PRIMEIRA PROBA: EXAME TIPO TEST

No pavillón polideportivo municipal do Concello das Pontes de García Rodríguez, as nove horas e trinta minutos do día 18/06/2024, reúnense as persoas compoñentes do Tribunal constituído en sesión de data 14/05/2024 e que xulgará o procedemento de selección para a cobertura de cinco prazas de funcionario/a de carreira, escala de administración xeral, subescala administrativa, grupo C, subgrupo 1, OEP 2021, 2022 e 2023.

Asisten á sesión:

Presidencia:

Cristina Morán Monzo, funcionaria con habilitación de carácter nacional.

Vogalías:

Paula Esperanza Ramos Díaz, funcionaria con habilitación de carácter nacional.

Federico María Suárez Cancelo, funcionario con habilitación de carácter nacional.

José Ángel Balseiro Amido, funcionario con habilitación de carácter nacional.

Secretaría:

Marina Núñez Orjales, funcionaria con habilitación de carácter nacional.

Logo de elaborado o exame a realizar, que se insire como Anexo a esta acta, procédese a chamar e identificar ás persoas aspirantes que a continuación se indican, para realizar o primeiro exercicio da fase de oposición.

As persoas que acudiron ao exame son as seguintes:

NOME E APELIDOS	DNI	ASISTE/NON ASISTE
Albes Testa, Javier	***1390**	Si
Anidos Castro, Lorena	***1823**	Non
Anidos Durán, Ivanca	***8290**	Non
Antelo Romero, Xairo	***6050**	Non
Armesto López, Raquel	***8140**	Si
Ballesteros Landazuri, Julia María	***1380**	Non
Baonza Jarel, Patricia	***4375**	Si
Barbeito López, Carina	***7413**	Si
Barro Corral, Eloi	***6102**	Non



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Telef.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/openscms/gl/index.html>

Expte. Núm. 2024/E001/000002

Ref.:SEC

Beceiro López, Aurora	***1554**	Non
Bellas López, María Teresa	***9338**	Si
Bermúdez González, Pilar	***1055**	Non
Bermúdez Pajón, María Cristina	***2773**	Si
Blanco Fernández, María	***8109**	Si
Blanco Ternande, Belén	***1145**	Si
Bouza Fernández, Lara María	***8896**	Non
Caaveiro Fornos, Sonia	***2855**	Si
Cabaleiro Castro, Alba	***3913**	Si
Cabanas Veiras, María Gabriela	***3497**	Non
Cabarcos Fernández, Alicia	***1903**	Non
Calvo Fernández, Raquel	***2773**	Si
Calvo Seoane, Ana María	***9732**	Si
Campos Sanjurjo, Diana	***9466**	Si
Cancelo López, Javier	***1525**	Non
Cao Arcos, Javier	***9106**	Non
Carballeira Fernandez, Noelia	***0812**	Si
Carballido Roca, María Ángeles	***6148**	Si
Carballo Franco, Andrés	***5284**	Non
Carballo Rivera, Isabel	***1232**	Si
Carro Rodríguez, Ángeles	***2178**	Si
Casás Pico, Francisco Miguel	***1015**	Si
Cascallar Rivas, Sonia María	***7228**	Si
Castro Blanco, Silvia	***8534**	Non
Castro Seoane, Rocío	***8632**	Si
Castro Vigo, María del Mar	***6140**	Non
Coira López, María José	***8594**	Si
Conesa Aledo, Yolanda	***0456**	Si
Corral Gato, Ana María	***2468**	Si
Cortizas Díaz, Ana María	***4765**	Si
Cotovad Piñeiro, Amanda	***1585**	Si
Couce de Paz, Patricia	***0766**	Si



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/openscms/gl/index.html>

Expte. Núm. 2024/E001/000002

Ref.:SEC

De Santiago Amondo, Erika	***0000**	Non
Del Río Guerreiro, Inés	***5051**	Si
Díaz Pardo, Eva	***4276**	Non
Díaz Seco, Sofía	***7964**	Si
Díaz Sixto, María Belén	***4794**	Non
Domínguez Domínguez, Eva María	***2893**	Non
Dos Santos Ferreira, Camila Cristina	***2596**	Non
Doval Pazos, Brais	***0912**	Si
Felgueiras Caaveiro, María del Pilar	***1653**	Si
Fernández Corral, Marta	***9569**	Si
Fernández Díaz, Noelia	***0799**	Si
Ferreira Patiño, Patricia	***1772**	Si
Ferreiro Filgueiras, Noemí	***9860**	Si
Fidalgo Méndez, Sandra	***0717**	Non
Figueira Torres, Sabela	***3514**	Non
Formoso Meizoso, Rafael	***9118**	Si
Fornos López, María del Mar	***1375**	Si
Fraguela Gómez, Gema Paloma	***0987**	Si
Fraguela Salgueiro, Ariadna	***2102**	Non
Franco Pintos, José Luis	***5486**	Non
Freire Rico, Silvia	***5828**	Si
Freire Vega, Cristina	***9479**	Si
Garabal Nieves, Cristina	***0845**	Non
García Fraga, Andrea	***2047**	Si
García Gómez, María	***0727**	Si
García Muruais, Marcos	***8252**	Si
García Neira, Ruperto Manuel	***1615**	Non
Gómez Lozano, Katia	***4175**	Non
Gómez Martínez, Martina	***8475**	Si
González Pazos, Paula	***9417**	Si
Gregorio Dopico, Silvia	***9512**	Si
Guerreiro Pantaleón, Ana	***7736**	Non



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/openscms/gl/index.html>

Expte. Núm. 2024/E001/000002

Ref.:SEC

Hermida Fernández, Airas	***6091**	Non
Hermida Martínez, María Sonia	***8020**	Non
Iglesias Sánchez, Jesús Andrés	***1437**	Si
Irigoyen Vázquez, Sergio	***5547**	Non
Lado Rama, María	***0645**	Si
Lago Gómez, Begoña	***0015**	Si
Lamelas García, Isabel Victoria	***1637**	Si
Laso García, Nicolás	***8621**	Si
López Álvarez, Ismael	***4416**	Si
López Ares, Lara	***4103**	Si
López López, Rocío	***4536**	Si
López Vidal, Laura	***0528**	Si
Lorenzo Castaño, Leticia	***8115**	Si
Lozano Pardiño, Pablo José	***5144**	Si
Macías Betancourt, Lurnay	***3720**	Non
Macías Yáñez, María Fátima	***9199**	Non
Martínez Agrelo, Silvia María	***4237**	Non
Martínez Ardao, Lorena	***8811**	Non
Martínez Cereijo, Paula	***3781**	Non
Martínez Encinar, Pablo	***1653**	Si
Martínez Martínez, Pilar	***5370**	Si
Mascuán Freijanes, Alejandro	***6445**	Si
Meizoso Mazás, Sandra	***1752**	Si
Montero López, Vanesa	***2775**	Si
Montero Pico, María Belén	***8534**	Non
Morandeira Corral, Jennifer	***5073**	Si
Moreira Seco Ana Belén	***6912**	Si
Muñoz Fernández, David	***5038**	Non
Neira Cortizas, Carlos	***6591**	Non
Orizales Queijas, Laura	***7369**	Si
Otero Pita, Patricia	***8847**	Non
Padín Tuimil, Ana	***0881**	Non



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Telef.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. Núm. 2024/E001/000002

Ref.:SEC

Pallares Muñoz, Ainhoa	***4095**	Non
París Gómez, Iris	***6519**	Si
Paz Álvarez, Uxía	***2097**	Si
Paz Tedín, Vanessa	***3115**	Non
Penerbosa García, Lucía	***1768**	Non
Peón Carracelas, Lía	***1358**	Non
Pérez García, Rita María	***8958**	Non
Pérez Rey, Brais	***1582**	Si
Periscal Mato, Samuel	***9977**	Si
Permuy Pérez, Sira Virginia	***8423**	Si
Pinal Seoane, Silvia María	***5667**	Non
Piñeiro Otero, Irene	***3735**	Si
Pita Leonardo, Iris	***0790**	Non
Pita Leonardo, Jesús	***0930**	Si
Ponte Reiriz, Iria	***1715**	Si
Portela Trastoy, Severino	***0146**	Non
Prego Figueiras, Margarita	***5505**	Si
Prieto Ramos, Rocío	***2901**	Non
Quintía Manteiga, Sergio	***8114**	Si
Ramos Siaba Magdalena	***1493**	Si
Regueiro Viqueira, María del Carmen	***5741**	Si
Rey Castro, Andrea	***4362**	Si
Ríos Pena, Xesús Manuel	***6739**	Si
Rodil Fernández, María Teresa	***8161**	Non
Rodríguez Cabañas, Miguel	***3652**	Non
Rodríguez Montero, Victoria	***2313**	Si
Rodríguez Núñez, María del Carmen	***6418**	Si
Rodríguez Vaamonde, María del Mar	***0265**	Si
Romero Fernández, Paula	***9538**	Si
Romero Seco, Carla	***3777**	Si
Saavedra Gutiérrez, Sergio	***9253**	Si
Salgado Vázquez, Natalia	***4404**	Si



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. Núm. 2024/E001/000002

Ref.:SEC

Salido Álvarez, María Isabel	***1353**	Non
Sández Otero, Noelia	***5054**	Non
Seijo López, María Mercedes	***7994**	Si
Seixido Gómez, Ana Belén	***7748**	Si
Seoane Grovas, Antía	***0299**	Si
Sisto Ramos, Margarita	***8015**	Si
Soto Enríquez, Genma	***1770**	Si
Soto Vivero, Jesús Manuel	***1730**	Si
Suárez Expósito, Ignacio Ramón	***8543**	Non
Sueiras Martínez, Leticia	***9208**	Si
Taboada Villamayor, Ana María	***0616**	Non
Teixeira Fernández, Pamela	***2546**	Si
Tembrás Tembrás, Sonia	***0381**	Si
Torre Mahía, Lidia	***8032**	Non
Vaquero López, Ana María	***2186**	Si
Varela Cotelo, María Mercedes	***0193**	Si
Vázquez Mato, Ana	***6117**	Non
Veira Ferrín, Daniel	***8328**	Si
Vérez Freire, Adrián	***3870**	Si
Vigo Prieto, Vanesa	***4102**	Non
Vila González, Julio	***2775**	Si
Vilaboy Filgueiras, Sonia	***8700**	Si
Vilas Varela, Ana	***9690**	Si
Villadóniga Beceiro, July	***3699**	Si
Vivero Aldrey, Rubén Darío	***2862**	Si

De acordo coa base 7.1.2, as persoas aspirantes que non compareceron quedan excluídas do proceso selectivo.

As bases de selección determinan para esta proba que :

7.2.1 Primeiro exercicio: Obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na contestación por escrito, no prazo máximo de 70 minutos, dun cuestionario de 50 preguntas tipo test, máis 5 preguntas de reserva, con 3



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Telef.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. Núm. 2024/E001/000002

Ref.:SEC

respostas alternativas das cales unicamente unha resposta será a correcta, relacionadas co contido de todo o temario que figura no Anexo I destas bases.

Cada resposta correcta puntuará 0,2 puntos.

Cada resposta incorrecta restará 0,05 puntos.

As respostas en branco non puntúan.

A puntuación deste exercicio será de 0 a 10 puntos, quedando eliminados os/as aspirantes que non obteñan un mínimo de 5 puntos.

Para a realización deste exercicio os/as aspirantes non poderán utilizar documento ningún de consulta nin medios dixitais ou telemáticos.

Nos supostos en que, por causa de errónea formulación, deba anularse algunha das preguntas, o Tribunal procederá a súa substitución pola que corresponda da lista de reserva, seguindo unha orde correlativa.

De esgotarse as preguntas de reserva e existir máis anulacións, o exame quedaría composto polas preguntas non anuladas, distribuíndose a puntuación total do exame (10,00 puntos) entre o número de preguntas válidas. As normas de puntuación serán as mesmas (0,2 as correctas e restará 0,05 as incorrectas) e aplicaranse de forma proporcional..

Este exercicio realizase sen identificar as persoas aspirantes, de modo que nel non conste ningún dato do que poida deducirse a identidade de ningunha delas.

A secretaria do tribunal explica a mecánica do exame, que consta dunha folla de identificación, unha de respostas e unha terceira autocopiativa.

A folla de identificación, unha vez cuberta por todas as persoas aspirantes, é recollida por parte do Tribunal e introducida nun sobre que asinan os membros do tribunal.

Ás 10 horas e 55 minutos da comezo o exame que remata as 12.05 minutos.

Unha vez rematado o exame recóllense as follas de respostas que se introducen nun sobre que asinan todas as persoas integrantes do Tribunal.

De seguido, o Tribunal procede á corrección dos exames; a cualificación dos exames publicarase unha vez transcorrido o prazo previsto na base 7.1.8 das bases que rexen o proceso selectivo.

Segundo a base 7.1.8 das citadas bases, o Tribunal acorda:

- 1º) Publicar no taboleiro de anuncios electrónico do concello a relación provisional de respostas correctas ás preguntas formuladas, incluídas as de reserva.
- 2º) Outorgar as persoas aspirantes un prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da citada relación, para presentar reclamacións a relación provisional de respostas correctas ás preguntas formuladas, incluídas as de reserva.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. Núm. 2024/E001/000002

Ref.:SEC

Non habendo máis asuntos que tratar a presidenta levantou a sesión ás quince horas, estendéndose a presente acta da que eu, secretaria, dou fe.

A presidenta do Tribunal

A secretaria



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. Núm. 2024/E001/000002

Ref.:SEC

ANEXO: EXAME TIPO TEST PROPOSTO POLO TRIBUNAL

ADMINISTRATIVOS/AS DE ADMINISTRACIÓN XERAL (OEP 2021, 2022 E 2023)
PRIMEIRO EXAME TIPO TEST. VERSIÓN EN GALEGO
MARTES 18/06/2024

CONTESTE NA FOLLA DE RESPOSTAS

1ª) De acordo co artigo 167.1 da Constitución Española de 1978, os proxectos de reforma constitucional deberán ser aprobados:

- Por unha maioría de tres quintos do Congreso dos Deputados e maioría absoluta do Senado.
- Por unha maioría de tres quintos de cada unha das Cámaras.
- Por unha maioría de dous terzos de cada unha das Cámaras.

2ª) O artigo 59.3 da Constitución Española de 1978 contempla que se non houberse ningunha persoa á que corresponda a Rexencia, esta será nomeada:

- Polas Cortes Xerais e compoñerase dunha, tres ou cinco persoas.
- Polas Cortes Xerais e compoñerase de tres persoas.
- Polas Cortes Xerais e compoñerase de tres membros das Forzas e Corpos de Seguridade e Policía en activo.

3ª) De acordo co artigo 148 da Constitución Española de 1978, as Comunidades Autónomas poderán asumir competencias nas seguintes materias:

- Administración de Xustiza.
- Os montes e aproveitamentos forestais.
- Autorización para a convocatoria de consultas populares por vía de referendo.

4ª) Segundo o artigo 11.4 do Estatuto de Autonomía para Galicia:

- A circunscrición electoral determinarase mediante lei do Parlamento de Galicia.
- A circunscrición electoral será, en todo caso, a Comunidade Autónoma.
- A circunscrición electoral será, en todo caso, a provincia.

5ª) O artigo 3 da Carta Europea de Autonomía Local, do 15 de outubro de 1985, define a autonomía local como:

- O dereito e a capacidade efectiva das Entidades locais de xestionar unha parte importante dos asuntos públicos, no marco da Lei, baixo a súa propia responsabilidade e en beneficio dos seus habitantes.
- O dereito das Entidades locais de ordenar e xestionar unha parte importante dos asuntos públicos, no marco da Lei, baixo a súa propia responsabilidade e en beneficio dos seus habitantes.
- O dereito e a capacidade efectiva das Entidades locais de ordenar e xestionar unha parte importante dos asuntos públicos, no marco da Lei, baixo a súa propia responsabilidade e en beneficio dos seus habitantes.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Telef.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. Núm. 2024/E001/000002

Ref.:SEC

6ª) De acordo co artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as ordenanzas locais:

- a) Aprobaranse inicialmente polo Pleno e someteranse a información pública por un prazo mínimo de quince días.
- b) Aprobaranse inicialmente polo Pleno e someteranse a información pública por un prazo mínimo de trinta días.
- c) Aprobaranse inicialmente pola Xunta de Goberno Local e someteranse a información pública por un prazo mínimo de quince días.

7ª) O artigo 86.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, indica que os acordos, pactos, convenios ou contratos que conduzan á terminación convencional dun procedemento, deberán establecer como contido mínimo:

- a) A identificación das partes intervinientes, o ámbito persoal, funcional e territorial, e o prazo de vixencia.
- b) A identificación das partes intervinientes, o ámbito persoal, funcional e territorial, o prazo de vixencia e a obrigación da súa publicación.
- c) A identificación das partes intervinientes, o ámbito persoal, funcional e territorial, o prazo de vixencia, a obrigación da súa publicación e a data de firma.

8ª) O artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, indica que:

- a) A declaración dun día como inhábil a efectos de cómputo de prazos determina por si soa o funcionamento dos centros de traballo das Administracións Públicas, a organización do tempo de traballo ou o réxime de xornada e horarios das mesmas.
- b) A declaración dun día como hábil ou inhábil a efectos de cómputo de prazos determina por si soa o funcionamento dos centros de traballo das Administracións Públicas, a organización do tempo de traballo ou o réxime de xornada e horarios das mesmas.
- c) A declaración dun día como hábil ou inhábil a efectos de cómputo de prazos non determina por si soa o funcionamento dos centros de traballo das Administracións Públicas, a organización do tempo de traballo ou o réxime de xornada e horarios das mesmas.

9ª) O artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece que, sen prexuízo do disposto na lei para as notificacións infrutuosas:

- a) A publicación de actos e comunicacións que, por disposición legal ou regulamentaria deber practícase en taboleiro de anuncios ou edictos realizarase no taboleiro electrónico correspondente.
- b) A publicación de actos e comunicacións que, por disposición legal ou regulamentaria deba practícase en taboleiro de anuncios ou edictos, cumprírase coa súa publicación na páxina web correspondente.
- c) A publicación de actos e comunicacións que, por disposición legal ou regulamentaria deber practícase en taboleiro de anuncios ou edictos, entenderase cumprida pola súa publicación no Diario oficial correspondente.

10ª) A declaración de lesividade dos actos anulables que proveñan das entidades que integran a Administración Local, segundo o artigo 107.5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:

- a) Adoptarase polo Pleno da Corporación ou, en defecto deste, polo órgano colexiado superior da entidade.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. Núm. 2024/E001/000002

Ref.:SEC

- b) Adoptarase pola Alcaldía da Corporación, sempre que se motivase a urxencia da declaración.
- c) Adoptarase polo Pleno da Corporación ou órgano en que delegase esta facultade.

11ª) Os concellos esixirán, de acordo co disposto no artigo 59.1 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, os seguintes impostos:

- a) O Imposto sobre Bens Inmóbles, o Imposto sobre Actividades Económicas e o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.
- b) O Imposto sobre Bens Inmóbles, o Imposto sobre Actividades Económicas, o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica e o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.
- c) O Imposto sobre Bens Inmóbles, o Imposto sobre Actividades Económicas, o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, o Imposto sobre Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana e o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

12ª) O tipo máximo de gravame que se pode aprobar na ordenanza fiscal reguladora do IBI para inmóbles de características especiais é do:

- a) 0,9%.
- b) 1,1%.
- c) 1,3%.

13ª) De conformidade co artigo 170 de TRLRHL, aprobado por Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, contra o Orzamento:

- a) Poderá establecerse unha reclamación administrativa por non axustarse a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos nas Bases de Execución do Orzamento.
- b) Poderá establecerse unha reclamación administrativa por non axustarse a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos no TRLRHL.
- c) Poderá establecerse un recurso administrativo por omitir o crédito necesario para o cumprimento das obrigacións esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.

14ª) O artigo 29 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei Reguladora das Facendas Locais regula os límites que se deberán respectar á hora de establecer os niveis de vinculación xurídica nas bases de execución do orzamento. Este límite, para a clasificación económica é:

- a) O artigo.
- b) O capítulo.
- c) O concepto.

15ª) De acordo co artigo 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, cando haxa de realizarse algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte:

- a) Se non existe crédito para o devandito gasto no orzamento da corporación, o presidente da mesma ordenará a incoación dun suplemento de crédito.
- b) Se o crédito existente para o devandito gasto no orzamento da corporación é insuficiente, o presidente da mesma ordenará a incoación dun crédito extraordinario.
- c) Se non existe crédito para o devandito gasto no orzamento da corporación, o presidente da mesma ordenará a incoación dun crédito extraordinario.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. Núm. 2024/E001/000002

Ref.:SEC

16ª) Ingrésase unha subvención da comunidade autónoma destinada a centro cultural. Non está prevista no orzamento nin a obra nin o seu financiamento. Que modificación procede facer?:

- a) Un crédito extraordinario ao non estar prevista a obra no orzamento.
- b) Un crédito extraordinario pola obtención de novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento.
- c) Ningunha das anteriores.

17ª) Cal das seguintes afirmacións é correcta?:

- a) As devolucións de ingresos indebidos no exercicio afectan o resultado orzamentario ou ao remanente de tesourería.
- b) As devolucións de ingresos duplicados ou excesivos afectan o resultado orzamentario.
- c) As devolucións de ingresos indebidos en diferentes exercicios afectan o resultado orzamentario ou ao remanente de tesourería.

18ª) Cal das seguintes respostas é incorrecta?:

- a) O remanente de tesourería en ningún caso formará parte das previsións iniciais de ingreso.
- b) Un resultado orzamentario negativo obriga a tomar medidas.
- c) A primeira medida a adoptar en caso de remanente de tesourería negativo é a redución de gastos do novo orzamento por contía superior ao déficit.

19ª) A efectos do Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, só poderán actuar como entidades que presten o servizo de caixa ou como entidades colaboradoras as seguintes entidades de crédito:

- a) Os bancos.
- b) Os bancos e as caixas de aforro.
- c) Os bancos, as caixas de aforro e as cooperativas de crédito.

20ª) Segundo o artigo 1 do Real Decreto 145/2024, do 6 de febreiro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para 2024 (indique a resposta correcta):

- a) O salario mínimo para calquera actividades na agricultura, na industria e nos servizos, sen distinción de sexo nin idade dos traballadores, queda fixado en 37,8 euros/día ou 1.134 euros/mes, segundo o salario estea fixado por días ou por meses.
- b) O salario mínimo para calquera actividades na agricultura, na industria e nos servizos, sen distinción de sexo nin idade dos traballadores, queda fixado en 37,8 euros/día ou 1.171,80 euros/mes, segundo o salario estea fixado por días ou por meses.
- c) O salario mínimo para calquera actividades na agricultura, na industria e nos servizos, sen distinción de sexo nin idade dos traballadores, queda fixado en 36,7 euros/día ou 1.134 euros/mes, segundo o salario estea fixado por días ou por meses.

21ª) Indicar cal das seguintes afirmacións, en relación ao persoal eventual das entidades locais, é incorrecta:

- a) O nomeamento e cesamento destes funcionarios é libre e corresponde ao alcalde ou ao presidente da entidade local correspondente.
- b) A súa existencia en concellos de poboación inferior a 2.000 habitantes está condicionada ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, débeda pública e teito de gasto non financeiro.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. Núm. 2024/E001/000002

Ref.:SEC

- c) O número, características e retribucións do persoal eventual será determinado polo Pleno de cada Corporación, ao comezo do seu mandato. Estas determinacións só poderán modificarse con motivo da aprobación dos orzamentos anuais.

22ª) Segundo o previsto no artigo 212.4 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, as contas e a documentación complementaria da Comisión Especial de Contas estarán para exame e consulta ao dispor dos membros da comisión:

- a) Como mínimo quince días antes da reunión.
- b) Como mínimo dous días hábiles antes da reunión.
- c) Como mínimo dous días naturais antes da reunión.

23ª) As pagas extraordinarias dos funcionarios públicos locais devíndicase, con carácter xeral (indique a resposta correcta):

- a) O último día hábil dos meses de xuño e decembro e con referencia á situación e dereitos do funcionario nas devanditas datas.
- b) O último día dos meses de xuño e decembro e con referencia á situación e dereitos do funcionario nas devanditas datas.
- c) O primeiro día hábil dos meses de xuño e decembro e con referencia á situación e dereitos do funcionario nas devanditas datas.

24ª) A situación do traballador por conta propia e/ou allea cuxas actividades dean lugar á súa alta obrigatoria en dous ou máis réximes distintos do Sistema da Seguridade Social terá a consideración de:

- a) Pluriemprego.
- b) Acumulación de funcións.
- c) Pluriactividade.

25ª) O pago en período voluntario (artigo 62.2 da Lei Xeral Tributaria) cando a notificación da liquidación realizase entre os días 1 e 15 de cada mes deberá facerse:

- a) Desde a data de recepción da notificación ata o día 15 do mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.
- b) Desde a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.
- c) Desde a data de recepción da notificación ata o día 30 do mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

26ª) Indique cal das seguintes proposicións é a correcta en relación aos tipos de recarga en período executivo:

- a) A recarga executiva será do 5 por cento e aplicarase cando se satisfaga a totalidade da débeda non ingresada en período voluntario antes da notificación da providencia de constrinximento. A recarga de constrinximento reducida será do 10 por cento e aplicarase cando se satisfaga a totalidade da débeda non ingresada en período voluntario e a propia recarga antes de a finalización do prazo previsto no apartado 5 do artigo 62 da Lei Xeral Tributaria para as débedas constrictivas e a recarga de constrinximento ordinaria será do 20 por cento.
- b) A recarga executiva será do 10 por cento e aplicarase cando se satisfaga a totalidade da débeda non ingresada en período voluntario antes da notificación da providencia de constrinximento. A recarga de constrinximento reducida será do 15 por cento e aplicarase cando se satisfaga a totalidade da débeda non ingresada en período voluntario e a propia recarga antes de a finalización do prazo previsto no apartado 5 do artigo 62 da Lei Xeral



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. Núm. 2024/E001/000002

Ref.:SEC

Tributaria para as débedas constrictivas e a recarga de constrinximento ordinaria será do 25 por cento.

- c) A recarga executiva será do 10 por cento e aplicarase cando se satisfaga a totalidade da débeda non ingresada en período voluntario antes da notificación da providencia de constrinximento. A recarga de constrinximento reducida será do 20 por cento e aplicarase cando se satisfaga a totalidade da débeda non ingresada en período voluntario e a propia recarga antes da finalización do prazo previsto no apartado 5 do artigo 62 da Lei Xeral Tributaria para as débedas constrictivas e a recarga de constrinximento ordinaria será do 30 por cento.

27ª) Nas situacións de incapacidade temporal a prestación consistirá (indique a resposta correcta):

- a) Nun subsidio cuxa contía está en función da base reguladora e das porcentaxes aplicables á mesma, ponderados en función da antigüidade na empresa.
- b) Nun subsidio cuxa contía está en función da base reguladora e das porcentaxes aplicables á mesma.
- c) Nun subsidio cuxa contía está en función da base liquidable e das porcentaxes aplicables á mesma, que determinarán a cota.

28ª) No Concello das Pontes, a quen lle corresponde ditar as providencias de constrinximento?:

- a) Ao funcionario/a encargado/a de as funcións de xestión e recadación.
- b) Ao funcionario/a encargado/a de as funcións de Intervención.
- c) Ao concelleiro/a delegado/a en materia de economía e facenda.

29ª) O complemento específico (indique a resposta correcta):

- a) Retribúe a especialización, responsabilidade, competencia e mando, así como a complexidade territorial e funcional dos servizos en que estea situado o posto en cuestión.
- b) Retribúe o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desempeña o seu traballo.
- c) Retribúe as condicións particulares dalgúns postos de traballo en atención á súa especial dificultade técnica, dedicación, incompatibilidade, responsabilidade, perigo ou penosidade.

30ª) De conformidade co artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, as relacións xurídicas, negocios e contratos excluídos do ámbito da devandita Lei:

- a) Rexeranse na súa preparación e adxudicación polas regras da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e no que respecta ao seu efectos, modificación e extinción, estes contratos rexeranse polo dereito privado.
- b) Rexeranse polas súas normas especiais, aplicándose os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.
- c) Rexeranse, en canto á súa preparación, adxudicación, efectos, modificación e extinción, pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e as súas disposicións de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

31ª) De acordo co artigo 18.1º.a) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, para a determinación das normas que rexerán a adxudicación dos contratos mixtos cuxo obxecto conteña prestacións de varios contratos regulados na devandita Lei, cando un contrato mixto comprenda prestacións propias de dous ou máis contratos de obras, subministracións ou servizos atenderase:



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. Núm. 2024/E001/000002

Ref.:SEC

- a) Ás determinacións propias do contrato de obras en aplicación dos principios de publicidade e concorrencia.
- b) Ao carácter da prestación principal.
- c) Á prestación que alcance o maior importe económico.

32ª) Conforme ao artigo 22.1º.c) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, están suxeitos a regulación harmonizada os contratos de servizos que teñan por obxecto os servizos sociais cuxo valor estimado sexa igual ou superior ás seguintes cantidades:

- a) 750.000 euros.
- b) 143.000 euros.
- c) 220.000 euros.

33ª) En función do artigo 9.2º da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, os contratos de compravenda de bens inmobles:

- a) Serán considerados contratos de obras cando o seu valor estimado supere os 50.000 euros.
- b) Terán o carácter de contratos privados e rexeranse pola lexislación patrimonial cando o seu valor estimado non supere os 50.000 euros.
- c) Terán sempre o carácter de contratos privados e rexeranse pola lexislación patrimonial.

34ª) En atención á Disposición adicional segunda, parágrafo segundo, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas xerais aos que se refire o artigo 121 da Lei corresponde:

- a) Ao Pleno.
- b) Ao Alcalde.
- c) Á Xunta de Goberno Local.

35ª) De acordo coa Disposición adicional segunda, parágrafo quinto, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, corresponde acordar a constitución das Xuntas de Contratación e determinar a súa composición:

- a) Ao Pleno en todo caso.
- b) Ao Pleno se resulta competente para a contratación principal.
- c) Ao alcalde se resulta competente para a contratación principal.

36ª) Unha das seguintes afirmacións sobre a Mesa de Contratación é incorrecta a teor da Disposición adicional segunda, parágrafo sétimo, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público:

- a) Nas Entidades locais municipais, mancomunidades e consorcios locais, poderán integrarse na Mesa persoal ao servizo das correspondentes Deputacións Provinciais ou Comunidades Autónomas uniprovinciais.
- b) Poderá formar parte da Mesa persoal funcionario interino unicamente cando non existan funcionarios de carreira suficientemente cualificados e así se acredite no expediente.
- c) Excepcionalmente, previa acreditación motivada no expediente, poderá formar parte das Mesas de contratación e emitir informes de valoración das ofertas o persoal eventual.

37ª) En atención ao artigo 72.6º da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, nos casos en que por sentenza penal firme así se prevexa, a duración da prohibición de contratar será a prevista na mesma. Nos casos nos que esta non establecese prazo, esa duración non poderá exceder:



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Telef.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. Núm. 2024/E001/000002

Ref.:SEC

- a) De cinco anos desde a data da condena por sentenza firme.
- b) De dez anos desde a data da condena por sentenza firme.
- c) De oito anos desde a data da condena por sentenza firme.

38ª) En función do establecido no artigo 42 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, unha das seguintes afirmacións é correcta sobre os efectos da declaración de nulidade e efectos en supostos de anulabilidade:

- a) A declaración de nulidade dos actos preparatorios do contrato ou da adxudicación, será inmediatamente executiva, e levará en todo caso consigo a do mesmo contrato, que entrará en fase de liquidación.
- b) A nulidade dos actos preparatorios só afectará a estes e as súas consecuencias.
- c) Se a declaración administrativa de nulidade dun contrato producise un grave trastorno ao servizo público, poderá dispoñerse no mesmo acordo a continuación dos efectos daquel e baixo as súas mesmas cláusulas, ata que se adopten as medidas urxentes para evitar o prexuízo.

39ª) En atención ao artigo 7.1º do Real Decreto 1732/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, as parcelas sobrantes e os efectos non utilizables clasificaranse:

- a) Como bens de dominio público.
- b) Como patrimonio municipal do solo.
- c) Como bens patrimoniais.

40ª) En función do establecido no artigo 4.1º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, a competencia urbanística relativa ao plan comprenderá unha das seguintes facultades:

- a) Regular o mercado de terreos como garantía da subordinación dos mesmos aos fins previstos no plan urbanístico.
- b) Prohibir os usos que non se axusten á ordenación urbanística.
- c) Determinar a configuración e as dimensións das parcelas edificables.

41ª) En relación á expropiación de inmobles, a declaración de utilidade pública:

- a) Non será necesaria en ningún caso.
- b) Enténdese implícita en todos os plans de obras e servizos da Provincia e o Municipio.
- c) Terase que declarar expresamente en todo caso mediante Lei ou Regulamento.

42ª) Nun expediente de expropiación, se o propietario rexeita o prezo fundado ofrecido pola Administración expropiadora:

- a) Trasládase o expediente á Consellería de Ordenación do Territorio para que decida este prezo.
- b) Realízase unha media entre o prezo ofrecido pola Administración e o fixado por un perito independente.
- c) Pasárase o expediente de prezo xusto ao Xurado provincial de expropiación para que decida.

43ª) O prazo máximo de duración dunha concesión demanial sobre un ben de dominio público será:

- a) De 75 anos, salvo que se estableza outro nas normas especiais de aplicación.
- b) De 75 anos, salvo que se estableza outro menor nas normas especiais de aplicación.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Telef.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. Núm. 2024/E001/000002

Ref.:SEC

- c) De 90 anos no caso das Entidades Locais ao establecelo así o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

44ª) No caso do inventario de bens das Entidades Locais:

- a) A súa aprobación, rectificación e comprobación terá que ser acordada por maioría absoluta do Pleno da Corporación.
- b) A súa aprobación, rectificación e comprobación terá que ser acordada por maioría simple do Pleno da Corporación.
- c) A súa aprobación e comprobación terá que ser acordada por maioría absoluta do Pleno pero a súa rectificación anual corresponderalle ao Alcalde da Corporación.

45ª) Conforme ao previsto no artigo 100 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, os bens comunais que pola súa natureza ou por outras causas, non foron obxecto de disfrute desta índole:

- a) Poderán ser desprovistos do carácter de comunais por acordo da Corporación local se transcorreron máis de dez anos, aínda que nalgún deles se tivera producido algún acto illado de aproveitamento.
- b) Poderán ser desprovistos do carácter de comunais por resolución do Alcalde cando transcorrese dez anos.
- c) Poderán ser desprovistos do carácter de comunais por acordo da Corporación se transcorreron cinco anos, aínda que nalgún deles tivérase producido algún acto illado de aproveitamento.

46ª) Conforme establece o artigo 60 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia

- a) O Concello, previo informe dos servizos técnicos e xurídicos municipais sobre a conformidade do plan coa lexislación vixente, procederá á súa aprobación inicial, sometendo o documento a información pública durante un prazo dun mes, mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia.
- b) O Concello, previo informe dos servizos técnicos e xurídicos da Xunta de Galicia sobre a conformidade do plan coa lexislación vixente, procederá á súa aprobación inicial, sometendo o documento a información pública durante un prazo dun mes, mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia.
- c) O Concello, previo informe dos servizos técnicos e xurídicos municipais sobre a conformidade do plan coa lexislación vixente, procederá á súa aprobación inicial, sometendo o documento a información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia.

47ª) Nos municipios de poboación inferior a 50.000 habitantes a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal:

- a) Terá que ser realizada pola Consellería competente no prazo máximo de 3 meses a contar desde a entrada do expediente completo no rexistro de entrada da devandita Consellería.
- b) Terá que ser realizada polo Pleno municipal no prazo máximo de 3 meses desde que este sexa informado favorablemente pola Consellería competente.
- c) Terá que ser realizada polo Pleno municipal no prazo de 3 meses desde a resolución de todas as alegacións presentadas.

48ª) As solicitudes de licenza urbanística:

- a) Resolveranse no prazo de seis meses a contar desde a presentación da solicitude da mesma no rexistro xeral da corporación.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Telef.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. Núm. 2024/E001/000002

Ref.:SEC

- b) Resolveranse no prazo de tres meses a contar desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello.
- c) Resolveranse no prazo de dous meses a contar desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

49ª) A indemnización procedente derivada da responsabilidade patrimonial recoñecida da Administración Pública:

- a) Non poderá ser substituída por unha compensación en especie en ningún caso.
- b) Poderá ser substituída por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos cando así o acorde a Administración por entender que resulta máis adecuado para o interese público.
